

O Camiño de Santiago na pintura de Antonio Moragón

The Way of Saint James in Antonio Moragón's painting

María Pilar MORAGÓN ARIAS

Universidade de Vigo
mariapilarmoragon@hotmail.com

[Recibido, novembro 2008; aceptado, decembro, 2008]

RESUMO

Neste artigo glosamos a figura de Antonio Moragón Agudo, o primeiro pintor que no século XX retratou as paisaxes da ruta xacobeira en varias exposicións e en diversas publicacións literarias.

PALABRAS CHAVE: Camiño de Santiago, pintura de Antonio Moragón, evolución pictórica.

MORAGÓN ARIAS, M.P., (2009): “O Camiño de Santiago na pintura de Antonio Moragón”. *Madrygal (Madr.)*, 12: 59-66.

RESUMEN

En este artículo glosamos la figura de Antonio Moragón Agudo, el primer pintor que en el siglo XX retrató los paisajes de la ruta xacobeira en varias exposiciones y en diversas publicaciones literarias.

PALABRAS CLAVE: Camino de Santiago, pintura de Antonio Moragón, evolución pictórica.

MORAGÓN ARIAS, M.P., (2009): “O Camiño de Santiago na pintura de Antonio Moragón”. *Madrygal (Madr.)*, 12: 59-66.

ABSTRACT

In this article we are going to describe the work of Antonio Moragón Agudo, the first painter in the twentieth century that portraited the landscapes of the “ruta xacobeira” across several exhibitions and publications.

KEY WORDS: The Way of Saint James, Antonio Moragón's painting, pictorial evolution.

MORAGÓN ARIAS, M.P., (2009): “The Way of Saint James in Antonio Moragón's painting”. *Madrygal (Madr.)*, 12: 59-66.

Agora que faltan só uns meses para que se celebre unha vez máis o Ano Santo Xacobeo no 2010, é necesario recordar a figura dun gran artista, pintor (como reza na súa lápida no cemiterio de Toledo) que dedicou gran parte da súa traxectoria artística a evocar, ben cos pinceis, ben coa pluma, o Camiño de Santiago.

Antonio Moragón Agudo (recentemente falecido) foi o primeiro pintor que realizou a primeira exposición monográfica de pinturas e debuxos sobre as paisaxes do Camiño de Santiago. Aquela exposición celebrouse en maio de 1971, nas salas do Palacio de Congresos e Exposiciones en Madrid. Nese mesmo ano a exposición foi levada a Vigo ó



Figura 1.

Peregrino na Porta do Hospital del Rey, Burgos. Óleo, ano 1993.



Figura 2.

Gotescalco, o primeiro peregrino. Óleo, ano 1993

Salón Rexio do Círculo Cultural, Mercantil e Industrial, e, por último, a Santiago, realizándose na Sala de Arte do Hostal dos Reis Católicos, onde o cadro “Pórtico da Gloria”, foi adquirido pola “Operación Plus Ultra” para obsequiar ó Papa, neses momentos Paulo VI (este cadro, figura actualmente na colección de arte contemporánea do Vaticano). A citada exposición foi acollida extraordinariamente por público e crítica. Como mostra as palabras do nunca esquecido D. Antón Fraguas Fraguas, nun artigo para a revista portuguesa *O Arauto*:

... quen teña visto a obra de Antonio Moragón percátase moi axiña da más recia personalidade dun artista intérprete de tódolos decires estéticos capaces de ser escollidos na ideoloxía luminosa dun saber altamente cinguido ó pensamento filosófico dun pintor, dun mestre que nos da sempre unha lección maxistral.

Pero Moragón (como lle chamaban os seus amigos e discípulos) non abandonou o tema. Máis tarde, noutro Ano Santo, o de 1993, mostrou nas sete Salas de Arte do Torreón de Lozoya de Segovia a exposición sobre paisaxes do Camiño más ampla realizada ata o de agora. Foron máis de cen obras con paisaxes que, desde Roncesvalles e Navarra a Compostela estiveron retratando os puntos más coñecidos do Camiño (Burgos, León, Logroño, Santiago...), pero tamén esas pequenas vilas ou esas pequenas aldeas como nós dicimos que, lonxe de perder importancia, gañan polo seu encanto e beleza. Esta exposición remataba cun óleo de magnífica factura sobre a fachada da catedral de Santiago da Praza do Obradoiro e un conxunto de seis retratos de peregrinos entre os que se retratou a si mesmo, moi merecidamente porque, como apuntabamos ó principio do artigo, Antonio Moragón fixo o Camiño catro veces. El dicía nunha entrevista realizada en Santiago en 1999 e publicada por *El Correo Gallego*:

...mis primeros pasos son de 1968, cuando encontrarse un peregrino en el Camiño era casi un milagro, especialmente si era español, ya que la mayoría de los que hacían la Ruta venía de fuera...

E Moragón seguiu pintando e áinda que tocou outros temas, unha vez máis, en 1999, nesta ocasión en Santiago, volvveu traer a esta cidade xacobea por excelencia outra mostra de óleos e debuxos sobre o Camiño de Santiago que se exhibiu na Sala de Exposicións da Fundación Aragueanay. Unha vez máis, a resposta da crítica e a acollida do público foi extraordinaria.

O seu amor e a súa admiración polas paisaxes do Camiño no só o levou a realizar as citadas exposicións senón que, ademais, escribiu un libro sobre as súas vivencias como peregrino no cal tamén mostraba debuxos, óleos e acuarelas súas sobre as paisaxes xacobeas. O libro titulouse *Por el Camino de Santiago* e foi editado pola Xunta de Galicia no ano 1993. A orixe deste libro foi, coma sempre, Compostela. Así di o autor na introdución: “es la esperada circunstancia de homenajear a la ciudad que, íntimamente y en silencio, amo y no olvido: Compostela”.

Aínda que Antonio Moragón foi un namorado das paisaxes e das xentes do Camiño, de Galicia e, sobre todo, de Compostela, non era galego de nacemento só de corazón: “A Galicia se la añora porque se la quiere. Por eso estoy contento de volver a exponer aquí” (palabras de Moragón para unha entrevista concedida ó periódico *El Correo Gallego*, o 22 de abril de 1999, con motivo da última exposición que realizou sobre O Camiño de Santiago).

Antonio Moragón era toledano, naceu en Toledo en 1930, de estirpe de artistas. A súa familia, na que respirou grande interese con todo o relacionado coa arte, supuxo unha gran influencia pois, tanto o seu avó Vicente como o seu tío Daniel (grandes vidreiros artísticos), o seu outro tío Mariano (mestre do taller artístico da Fábrica Nacional de Armas de Toledo), pero sobre todo o seu pai Mariano Moragón (gran damasquinador e profesor na Escola de Artes e Oficios de Toledo) serán uns exemplos a seguir para este novo artista que, en principio, realizará debuxos humorísticos e carteis, antes de arrancar como pintor ó óleo. Desta maneira, grazas ós premios obtidos en varios concursos de carteis anunciadores do Corpus Christi de Toledo e ó éxito acadado nas súas primeiras obras, é premiado polo Concello de Toledo cunha bolsa para estudar a carreira de Belas Artes na Facultade de Belas Artes de San Fernando de Madrid, de 1950 a 1955. Posteriormente obtén por oposición a Cátedra de Debuxo de Ensinanza Media en 1958, sendo o seu destino o Instituto Arcebispo Xelmírez de Santiago de Compostela (cidade que vai marcar a súa traxectoria artística e vital) desde 1959 ata 1977. En 1977, buscando un maior contacto cos seus pais debido á idade destes, solicitou o traslado a Segovia onde exerceu como Catedrático de Debuxo no Instituto Mariano Quintanilla ata a súa xubilación en 1990. Foi Académico Correspondente da Real Academia de Belas Artes e

Ciencias Históricas de Toledo, desde o ano 1978, co número 703. E, finalmente, a casualidade ou o destino fixo que a súa enfermidade e os seus últimos meses de vida os pasase na cidade que amaba tanto e á que dedicou os mellores anos da súa vida persoal e profesional. Falece en Santiago o 17 de decembro de 2005.




Figura 3.
Autorretrato de peregrino. Óleo, año 1993

A súa carreira estivo marcada por innumerables premios e galardóns, como cartelista, acuarelista, pintor ó óleo, caricaturista, escultor, etc. en diversos certames nacionais. De entre eles cabe destacar os máis de 20 premios nos certames de carteis anunciadores das festas do Corpus Christi de Toledo, o Primeiro Premio da Deputación Foral de Álava na Exposición Nacional de Belas Artes celebrada en Madrid en 1964, Medalla de Ouro na 1.ª Exposición Nacional Trienal de Arte celebrada en Santiago de Compostela en 1971, o Primeiro Premio de Pintura Álvarez de Sotomayor (Ferrol, 1975), o Primeiro Premio do V Certame de Pintura de Campo de Criptana (Ciudad Real) en 1972, a Medalla de Prata da II Bienal de Arte de Pontevedra en 1972, a Medalla de Prata da II Exposición Nacional Trienal de Arte de Santiago de Compostela en 1974...




Figura 4.
Roncesvalles. Óleo, ano 1993



Figura 5.
Fachada do Obradoiro, Catedral de Santiago. Óleo, ano 1993

Foi un artista moi prolífico pois ademais das xa anteriormente citadas exposicións sobre o Camiño de Santiago, desde 1952 hasta o 2002 realizou máis de 20 exposicións individuais e así mesmo participou noutras tantas colectivas.

Hai obras súas en museos e coleccións particulares de diversos lugares de España e o estranxeiro (Universidade de Santiago, Concello de Santiago, Museo de Arte Contemporáneo de Cidade do Vaticano, Museo de Belas Artes de Vitoria, Museo Provincial de Lugo, Museo de Antonio Machado en Segovia, Museo do Debuxo no Castelo de Larrés en Huesca, Igrexa dos P. P. Carmelitas de Toledo, Teatro Principal de Ourense, Igrexa Parroquial do Seixo en Marín, Excmo. Concello de Toledo, Caixa de Aforros de Galicia en Santiago de Compostela e Ferrol, Colección da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Caixa de Aforros de Segovia, Sanatorio Psiquiátrico de Conxo en Santiago...).

Como xa se citou nas primeiras liñas deste artigo tamén cultivou unha interesante faceta literaria con artigos en diversos xornais e a publicación de sete libros entre os que destacan *Ruando. Dibujos y grabados de Santiago* (Santiago, 1965), *Segovia, ecos de una tarde* (Segovia, Caixa de Aforros de Segovia, 1984), *Por el Camino de Santiago* (Santiago, Xunta de Galicia, 1993) ou *Paisajes del Camino. Apuntes de un pintor viajero* (Segovia, 1999).

Observando a producción artística de Antonio Moragón hai un antes e un despois desde que chega a Santiago de Compostela como Catedrático de Debuxo de Ensinanza Media. As luces, as cores de Galicia, asómbrano, sedúcenos os campos, coa infinita gama de verdes, a cor dos seus portos, vilas mariñeiras, costas, das súas aldeas, todo é distinto para este pintor de trinta anos acostumado ós fortes contrastes de luz de Castilla.

Moragón será un estímulo para o ambiente artístico de Santiago. Achegará ideas e ademais imbuirá inquietudes artísticas entre os seus discípulos e amigos. Desta maneira moitos dos que foron entón os seus alumnos son actualmente pintores e escultores de gran prestixio.

As paisaxes destes anos, non sempre galegas, adquieren unha singular viveza, culminando na colección de pinturas que fai sobre o Camiño de Santiago, tema que non fora tratado ata ese momento por ningún pintor pois áinda que a senda xacobea foi na época medieval a más importante vía que comunicaba a España co resto de Europa, o paso do tempo e o ocaso duns valo-

res relixiosos cada vez máis en desuso fixeron que a ruta xacobea estivese neses momentos (finais dos anos 60 do século XX) "pasada de moda".

O motivo polo que Moragón se lanza a pintar as paisaxes do Camiño queda especialmente recoñido nunha entrevista que concede ó periódico *El Correo Gallego*, nun número especial dedicado ó Año Santo compostelán en 1971, da cal extraemos aquí un fragmento:

... el motivo principal de dedicar esta pintura al Año Santo fue el de vincular una serie de obras a la ciudad de Santiago. Venía años atrás germinando y dándole vueltas a esta idea. Por fin me decidí, hace dos años y medio, a recorrer el Camino, en principio como simple peregrino para conocer y palpar la materia que yo trataba de plasmar en mis cuadros. En principio fue un recorrido casi podríamos decir de orientación, de conocimiento, de ponerme un poco a punto sobre el material, el paisaje de las distintas regiones que cruza este Camino desde Roncesvalles a Santiago de Compostela. Indiscutiblemente como lo recorri un poco en sentido inverso al peregrino normal, ya que mi residencia es Santiago, hacía que yo partiease de la meta para terminar en el principio. Y he visto a lo largo de este largo Camino que había materia suficiente para hacer una gran exposición. Y me decidí a que en los tiempos que tuviese libre, de vacaciones concretamente, iría recogiendo cada una de aquellas facetas y paisajes que me interesan, para ir plasmando poco a poco toda esa ruta jacobea que abarca y que cruza casi media Península. Me fijé no solamente en el monumento señero que caracteriza a las distintas regiones si no en su particularísimo paisaje. Consideré concretamente una faceta de tipo rural, en cuanto al pueblo ubicado, por ejemplo, en Navarra, en La Rioja, en tierra de Burgos, en Palencia, en León o en Galicia. El motivo fue fundamentalmente, como dije al principio, desear modestamente unirme a esta festividad tan extraordinaria que es el Año Santo y aportar en favor de Santiago, dentro de mis modestos méritos, una obra que fuese un pequeño hito dentro de esta grandiosa conmemoración jacobea.

Desta forma comeza Moragón a andadura artística que o levará a esta Primeira Exposición en 1971 (xa apuntabamos anteriormente que fixo outras dúas en 1993 e 1999), cunha preparación que durou catro anos pois os seus primeiros contactos coa paisaxe xacobea datan xa de 1968, aínda que el prefería referirse ós dous más fructíferos artisticamente que preceden á inauguración da exposición en 1971. Foron anos de moito traballo nos que Moragón percorre o Camiño varias

veces como un peregrino máis, eludindo as comodidades modernas:

... para eso tenía que ser caminante austero y fervoroso como los peregrinos de otro tiempo... tenía que echarse al campo, sufrir sus incomodidades y alegrías, comulgar con la naturaleza, presenciar la salida del Sol y el frescor de las gotas de rocío que sus rayos van a beberse, contemplar el dorado ocaso sobre las espigas, gustar el vino de la tierra, dormir en posadas de trajinantes y de arrieros —que pocas van quedando— descabezar alguma siesta adormecido por el zumbar de las abejas y destilar de todo ello pintura y más pintura (Fernando Chueca Goitia, prólogo do catálogo da exposición do Palacio de Congresos e Exposicións en Madrid, ano 1971).

Porque a esencia do Camiño, a súa paisaxe, só se percibe así "a pé de terra". Esa paisaxe chea de variedade e matices ambientais que reflicten a variada xeografía pola que transcorre a ruta xacobea é como a pintura de Moragón.




Figura 6.
Igrexa de San Esteban, Burgos. Óleo, ano 1971.

Estes cadros amósannos as ruínas dun mosteiro, unha panorámica cunhas casas cheas de po, unha praza maior, etc., que teñen vida propia e invitánnos a visitalos. Pero Moragón non é un fotógrafo que plasma a realidade sen máis se non que a súa actitude ó aborda-la paisaxe "...a recreación persoalísima, con supresións, adicións e en definitiva, interpretacións que lle permiten dar a súa visión independente, facer nunha palabra paisaxe" (Francisco de Pablos, *Faro de Vigo*, 30-5-1971), é a de crear e dárnos a súa visión persoal. Nós non admiramos eses lugares como son se non a través dos ollos, a través dos pinceis, a través, en definitiva da alma do artista que nos transporta a unhas paraxes onde o xogo da luz e da sombra, tan importantes na pintura de Moragón (a súa orixe castelá, ese Toledo que o viu

nacer con eses contrastes lumínicos) tórnase nalgúns cadros misterioso e místico.

Nos óleos desta época predomina o empaste sobre o esquemático debuxo que chega prácticamente a desaparecer nun xogo impresionista de formas e cores, facéndose rugoso, táctil, lembrándonos a morfoloxía do terreo. A gama de cores é rica e brillante pero non abruma, alternando os ocres, vermellos e sienas, cos violetas e os grises. Estas paisaxes posúen un horizonte moi alto dominando a terra sobre o ceo. Eses ceos tormentosos de Moragón (constante da súa pintura) son invadidos nesta época por azuis cobalto dotándoos dunha certa irrealidade. A luz, á que antes aludiamos penetra por unha esquina e ilumina algunas partes, só algunas, as que lle interesan ó pintor.



Figura 7.
Villalcázar de Sirga (Palencia). Óleo, ano 1971.




Figura 8. Portada en Puente la Reina (Navarra). Óleo, año 1971




Figura 10. Autorretrato. Carbón, año 1993.



Figura 9. A rúa do Vilar. Óleo, año 1993.

Nos cadros nos que se utiliza a técnica da acuarela vemos un artista pouco ortodoxo, case antiacadémico onde a pincelada solta, cortada, apoiándose en trazos fortes e vigorosos do *flow-master* confírelles unha frescura e unha forza inigualables. Pódese adiviñar nelas, como dixo un crítico toledano, que “son acuarelas feitas por un pintor ó óleo”.

Os motivos que se aprecian nos cadros do Camiño e, en definitiva, en toda a producción paisaxística de Moragón non son arquitecturas grandilocuentes, se non que ás veces recolle cos seus pinceis recunchos humildes, ruínas, terras de labor, que os ollos dos que non somos artistas pasarían desapercibidos, pero que el sabe dotar de beleza, interese e, por qué non dicilo, monumentalidade.

Despois destas exposicións sobre o Camiño, de 1971 (Madrid, Vigo, Santiago) seguirán outras onde a temática cambiará totalmente e a técnica sufrirá unha evolución, ata que na década dos noventa volverá realizar dúas novas exposicións sobre o Camiño de Santiago, unha en Segovia, en 1993 (Torreón de Lozoya) e outra en Santiago, en 1999 (Fundación Araguaney) nas que, ademais da paisaxe, Antonio Moragón sorprende con algúns retratos de peregrinos, de magnífica factura, incluíndose, como non podía ser doutra forma, el mesmo. As características fundamentais da súa pintura de paisaxe nestes momentos, que xa se observaran nos anos setenta, seguen a manifestarse como a paleta rica en terras, a perspectiva cun

acusado punto de fuga e, por suposto, o violento contraste luz-sombra, do que Moragón chegou a ser un mestre. É esta unha época onde empasta menos e a súa pincelada se fai más corta. As súas obras reflecten unha maior sensibilidade que en épocas pasadas e incluso están dotadas dun certo romanticismo non apreciable anteriormente.

E Moragón seguiu pintando, ata que unha grave enfermidade acabou coa súa vida. Foron estes últimos anos, a pesar das doenzas, moi fructíferos, onde a súa pintura se volve más optimista se cabe (en contraste coa súa saúde), más alegre, chea de luz, abandonando o xogo do tenebrismo nos ceos que marcara moitas das realizacións dos anos setenta, deixando paso a esa luz de verán que inunda todas estas obras, incluso as que deixa inacabadas “estou a pintar con más ilusión que nunca, como se acabara de descobri-la pintura”. Son palabras do autor antes de falecer.

Tamén entre estas últimas paisaxes houbo cabida para algún recuncho do Camiño, que tan importante foi na súa vida como artista e como home

... y el Camiño habla, sigue hablando para el que sabe como Moragón recoger su mensaje... que nunca el hombre y su tema se encontraron tan identificados como en esta ocasión, tanto que no habría manera de encontrar mejor tema para el pintor ni mejor pintor para el tema.

(Fernando Chueca Goitia, prólogo do catálogo da Exposición do Palacio de Congresos e Exposiciones de Madrid, 1971).